



RENOVACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR


De acordo coa resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, infórmase sobre o proceso electoral para a **renovación parcial dos membros do CONSELLO ESCOLAR**. En base a citada normativa o noso centro educativo ten que renovar/elixir a **4 profesores/as, 3 alumnos/as, 1 pai/nai e 1 membro do persoal de administración e servizos**, así coma suplentes para cada posto. Ademais Concello e ANPA deberán nomear aos seus representantes directamente. Deste xeito o Consello Escolar manterá a representatividade que lle corresponde a cada sector da Comunidade Educativa .

Dende a dirección do centro queremos animarvos a **PRESENTAR AS VOSAS CANDIDATURAS** aos postos que se renovan, e por suposto, a votar a candidatura que consideredes oportuna no sector do que formades parte (as datas para cada fase do proceso serán establecidas pola XUNTA ELECTORAL). Este proceso iniciárase coas seguintes actuacións:

- **Venres 18 de outubro de 2024** (sala de profesores 11:30 h.): **SORTEO PÚBLICO** para elixir aos integrantes e suplentes do órgano que regulará o proceso, e dicir, a **XUNTA ELECTORAL**: 1 profesor/a, 1 pai/nai, 1 PAS e 1 alumno/a da ESO (como é preceptivo, a XUNTA ELECTORAL estará presidida polo director do centro).
- **Venres 25 de outubro de 2024**: constitución da XUNTA ELECTORAL que organizará e controlará o proceso, fixando tamén o **día das votacións** tal e coma está establecido na Resolución do 19 de setembro, entre o **18 e ó 22 de novembro de 2024**.

Unha vez constituída a Xunta Electoral recibiredes máis información da acordada neste órgano sobre os aspectos e datas concretas para o desenvolvemento deste proceso.

Na Pobra de San Xiao, 15 de outubro de 2024.



A dirección